

CIRCULAR Nº 10  
CURSO ESCOLAR 2020/2021

### **A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

**Segundo a Resolución do 30 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG 08/10/2020) pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de Centros de ensino non universitario. Procederese nos meses de novembro e decembro á renovación parcial ( Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro).**

Segundo o Artigo 2º da citada Resolución a **elección dos representantes** dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar celebrarase **entre o 23 e 27 de novembro**, ambos os dous incluídos.

**A Xunta Electoral** regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril e segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996 do 26 de xullo **constituirase**, segundo a Resolución do 30 de setembro **entre os días 2 e 5** de novembro de 2020.

Segundo o referido artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril e a nova redacción do Decreto 324/1996 do 26 de xullo **procederese á elección dos membros da Xunta Electoral por sorteo público o vindeiro día 19 de outubro ás 09:30 horas na Secretaría do Centro.**

Unha vez constituída a Xunta Electoral segundo o artigo 31 do Decreto 92/1998 do 28 de abril e a nova redacción do Decreto 324/1996 do 26 de xullo, procederá a aprobar e publicar os Censos Electorais, concretará o calendario electoral, ordenará o proceso, admitirá e proclamará as candidaturas, promoverá a constitución das distintas mesas electorais, resolverá as reclamacións e proclamará aos candidatos.

**O Consello Escolar do Centro é o órgano a través do cal participan na xestión do mesmo os distintos membros da comunidade escolar.**

**Animámoslos a que presenten as súas candidaturas.**

**Participen na vida da Escola para desta maneira contribuír a un mellor funcionamento da mesma.**

Pontevedra 15 de outubro de 2020